



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 18.11.2016 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

FORA DA ORDE DO DÍA:

MODIFICACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS NO CONCURSO DE IDEAS CON INTERVENCIÓN DO XURADO PARA A ORDENACIÓN URBANÍSTICA DA ÁREA DA PANIFICADORA DO CASCO VELLO.

Votación da urxencia:

Apróbase por unanimidade dos asistentes: Sres. Pérez Correa do Grupo Municipal Marea de Vigo; Sres. Fidalgo Iglesias e Figueroa Vila do PP e Sres. Abelairas Rodríguez, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, López Font e Rivas González do PSOE.

A seguir éntrase no fondo do asunto.

Antecedentes:

O día 17.11.2016 o xefe dos Servizos Centrais co conforme do xerente de Urbanismo informa:

“1.- Antecedentes.

Con data 28.10.2016 o Consello da Xerencia adoptou o seguinte acordo:

“1º Aprobar o gasto, por importe de 124.657,00 euros, con cargo á partida 1510.2270600 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, para o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística do ámbito da Panificadora e adxudicación dos traballos de modificación do PEPRI Casco Vello. (50.000 euros con cargo a 2016 e 74.657 euros con cargo a 2017).

2º Aprobar o prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística do ámbito da Panificadora e adxudicación dos traballos de modificación do PEPRI Casco Vello.

3º Aprobar o presente expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de licitación, que realizarse mediante a publicación de anuncios no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante do Concello de Vigo.”

Os devanditos anuncios de licitación foron publicados o 9.11.2016 no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante e o 10.11.2016 no Diario Oficial de Galicia.

De conformidade co previsto na cláusula 10ª.2 “DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO E PRAZOS” do prego que rexe esta licitación, co punto 8 dos citados anuncios e coa data fixada no perfil do contratante deste Concello de Vigo o prazo de presentación de ofertas remata o 26.12.2016 (seguinte día hábil dos 45 días naturais do último anuncio publicado).



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

A petición do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia estase avaliando a posibilidade de ampliación da información-documentación facilitada a través do perfil do contratante e das consultas realizadas á Secretaría do Xurado, de conformidade co previsto na citada cláusula 10ª.2: *“Durante o prazo de trinta días contado dende a última das publicacións que teña lugar, poderán formularse consultas á Secretaría do concurso; dirixiranse ao seguinte enderezo electrónico: concha.cameselle@vigo.org. Todas as consultas formuladas por esta vía, así como as respostas dadas pola entidade que convoca, serán publicadas no perfil do contratante preservando o anonimato das e dos interesados. A lista de preguntas e respostas publicada, que serán vinculantes, será facilitada a todos os membros do xurado no momento da súa constitución”*.

A efectos de que se dispoña de máis tempo para a análise de dita documentación, para facilitar a maior concorrencia posible, propónse a ampliación do prazo de presentación de ofertas que pasaría a rematar o 20 de xaneiro de 2017, podéndose formular consultas á Secretaría do Xurado ata o 16 de decembro de 2016.

Dita ampliación, que deberá ser obxecto de publicación no BOP de Pontevedra, no Diario Oficial de Galicia e no perfil do contratante, cumpre cos principios da contratación recollidos no vixente texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (RDLex.3/2011, de 14 de novembro): de liberdade de acceso ás licitacións, de publicidade e transparencia dos procedementos e de non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos (artigos 1 e 139).

De conformidade co antedito propónse ó Consello da Xerencia, competente conforme ó artigo 10ª.2.h) dos vixentes Estatutos (BOP de 6 de outubro de 2010), ...”

A seguir os asinantes formulan a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

Votación:

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: Ningún voto.

A FAVOR: 9 votos: 1 voto da Marea de Vigo: Sr. Pérez Correa; 2 votos do PP: Sr. Fidalgo Iglesias e Figueroa Vila e 6 votos do PSOE: Sres Abelairas Rodríguez, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, López Font e Rivas González.

Acordo:

O Consello, por unanimidade adopta o seguinte acordo:

1º) Ampliar o prazo de presentación de ofertas ata o 20 de xaneiro de 2017 (inclusive), no concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística do ámbito da Panificadora (expediente 1046/400), podéndose formular consultas á Secretaría do Xurado ata o 16 de decembro de 2016 (inclusive).

2º) Publicar dita ampliación de prazos no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante do Concello de Vigo.”

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe da sra.



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo, o dezaioito de novembro de dous mil dezaseis.

Me/Vº e Pº.

A Vicepresidenta da XMU

María José Caride Estévez

